

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO AUXILIAR DE BIBLIOTECA, DO CONCELLO DE MEIS.

Á vista das vacacións da persoa que ocupa a praza de Encargada de Biblioteca, e debido a que no cadro de persoal non existe outro persoal para o desempeño das funcións propias do posto, é preciso levar a cabo un procedemento de selección dunha persoa na categoría de Auxiliar de Biblioteca con carácter urxente e inaprazable.

Vistas as bases que rexerán o procedemento de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun posto Auxiliar de Biblioteca.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Bases que rexerán o procedemento de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun posto de Auxiliar de Biblioteca.

SEGUNDO.- Publicar as bases do procedemento selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello e na páxina web municipal: www.meis.gal.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Concello-Pleno na primeira sesión que se celebre a partir desta data.

Mándao e asíno a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

Documento asinado electronicamente na marxe.

